

# TAREFAS



## 1. QUE TEÑO QUE FACER?




En primeiro lugar deberás saber que tes que facer na tarefa que debes entregar. Para iso, debes de seguir os seguintes pasos:

1. Dentro do curso, **busca** a tarefa que tes que realizar.



2. **Preme** sobre o nome da tarefa.



3. **Abrirase** unha xanela onde verás as instrucións que debes de seguir para realizar a tarefa. **Le atentamente** as instrucións e realizaa segundo as mesmas.

### Tarefa 1. Materiais tecnolóxicos

A través desta tarefa vamos a repasar os tipos de materiais tecnolóxicos.

---

**INSTRUCCIÓNS PARA REALIZAR ESTA TAREFA:**

Pasos a seguir para realizar a tarefa:

1. Descarga o ficheiro que achego a esta tarefa, chamado **TAREFA 1**.
2. Cubre os apartados de nome, apelidos e curso.
3. Na primeira columna indica os tipos de materiais tecnolóxicos que existen.
4. Na segunda columna indica a lo menos 2 propiedades para cada tipo de material.
5. Na terceira columna indica 1 exemplo para cada tipo de material.
6. Na cuarta columna indica unha aplicación da túa contorna para cada tipo de material.
7. Garda o ficheiro no teu ordenador co nome: Tarefa 1.

---

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Os criterios de cualificación que serán en conta para avaliar esta tarefas

1. Indica todos os tipos de materiais tecnolóxicos existentes.
2. Indica 2 propiedades para cada tipo de material tecnolóxico correctamente.
3. Indica exemplo para cada tipo de material tecnolóxico correctamente.
4. Indica unha aplicación da súa contorna para cada tipo de material tecnolóxico correctamente.
5. Non comete faltas de ortografía o gramaticais.


TAREFA 1.docx

## 2. QUE FAGO SE APARECE UN ARQUIVO NA TAREFA?




Se na tarefa aparece un arquivo que debas utilizar ou consultar para realizala, debes seguir os seguintes pasos:

1. **Preme** sobre a imaxe do arquivo.



2. Aparecerá unha nova xanela a través da cal poderás gardar o arquivo no teu ordenador, premeo **Gardar**.



### IMPORTANTE

Recorda onde gardaches o arquivo no teu ordenador para despois non ter problemas á hora de atopalo.

### 3.COMO ENTREGO A TAREFA?




Para entregar a tarefa segue as seguintes indicacións:

1. Segue os pasos indicados no apartado 1 "Que teño que facer?", para acceder á tarefa onde tes que facer a entrega.
2. Preme o botón **Engadir entrega** que aparece ao final.


#### Estado da entrega

Número do intento	Este é o intento 1.
Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Venres, 26 de Marzo de 2021, 00:00
Tempo restante	A tarefa foi atrasada por: 20 días 10 horas
Última modificación	-
Comentarios a entrega	► <a href="#">Comentarios (0)</a>

**Engadir entrega** 

Facerlle cambios á súa entrega

3. Aparecerá a seguinte xanela, onde verás que existen dúas opcións:



Entregas de ficheiros

Entregas de ficheiros

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Texto en liña

Texto en liña

Tamaño máximo para os novos ficheiros: 20MB, número máximo de ficheiros anexos: 1

Párrafo

B I


Ruta: p

Gardar os cambios Cancelar


## ENTREGAS DE FICHEIROS

Para entregar ficheiros nunha tarefa, segue as seguintes instrucións:

1. **Preme** no botón para engadir ficheiros




2. *Abrirase* a seguinte xanela, onde primeiro debes seleccionar **Enviar un ficheiro**



3. A continuación preme **Seleccionar archivo**




4. Abrirase o buscador do teu ordenador, onde debes localizar o ficheiro que queres engadir a tarefa, preme sobre a imaxe do mesmo e finalmente premer **Abrir**.




5. Comproba que aparece no Selector de ficheiros na etiqueta Anexo. Finalmente preme **Enviar este ficheiro**.



6. Comproba que está xa cargado no apartado **Entregas de ficheiros** e preme **Gardar os cambios**.



7. Verás que o ficheiro xa está entregado para cualificacións, no apartado **Entregas de ficheiros**

Número do intento	Este é o intento 1.
Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Venres, 26 de Marzo de 2021, 00:00
Tempo restante	A tarefa foi enviada 21 días 11 horas fóra de prazo
Última modificación	Venres, 16 de Abril de 2021, 12:44
Entregas de ficheiros	 TAREFA 1.docx
Comentarios a entrega	▶ Comentarios (0)

[Editar o meu envío](#)

Facerlle cambios á súa entrega



#### NOTA

O tipo de ficheiros que se poden entregar poden ser moitos, como un doc., folia de cálculo, presentacións, imaxe, vídeo, PDF,...




## TEXTO EN LIÑA

Outra opción de entrega de tarefas é o Texto en liña e que serve basicamente para escribir un texto como resposta a tarefa ou para pegar ligazóns a un traballo feito en webs.



### Escribir texto

1. Para escribir un texto, simplemente escribilo no cadro **Texto en liña** e premer **Gardar os cambios**.



2. Poderás comprobar que o texto xa está entregado para cualificacións no apartado **Texto en liña**

### Estado da entrega

Número do intento	Este é o intento 1.
Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Venres, 26 de Marzo de 2021, 00:00
Tempo restante	A tarefa foi enviada 21 días 11 horas fóra de prazo
Última modificación	Venres, 16 de Abril de 2021, 12:59
Entregas de ficheiros	 TAREFA 1.docx
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)
Texto en liña	 O resultado da resta é 236

[Editar o meu envío](#)

Facerlle cambios á súa entrega

## Entregar unha ligazón

Para entregar unha ligazón é necesario pegala no apartado **Texto en liña**, para iso segue as seguintes indicacións:

1. Primeiro busca en internet o traballo que tes que entregar, por exemplo unha definición en Wikipedia.
2. Despois **selecciona a ligazón** do navegador. Para facelo mantén o botón esquerdo do rato pulsado mentres seleccionas o texto do ligazón.




3. Para copiar a ligazón, preme o botón dereito do rato e das opcións que aparecerán selecciona **Copiar**.



4. No cadro **Texto de liña**, pegar o ligazón previamente copiado.


- ✓ No caso de que o teclado sexa **Windows** ou **linux** preme ao mesmo tempo as teclas do teu teclado **Ctrl + V**




- ✓ No caso de ser un teclado dun **Mac**, preme ao mesmo tempo **Command + V**





5. Finalmente preme **Gardar os cambios**



6. Verás que a ligazón xa está entregada para cualificacións, no apartado **Texto en liña**.



Estado da entrega	
Número do intento	Este é o intento 1.
Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Venres, 26 de Marzo de 2021, 00:00
Tempo restante	A tarefa foi enviada 24 días 10 horas fóra de prazo
Última modificación	Luns, 19 de Abril de 2021, 11:37
Entregas de ficheiros	 TAREFA 1.docx
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)
Texto en liña	 <a href="https://es.wikipedia.org/wiki/Ciencia_de_materiales">https://es.wikipedia.org/wiki/Ciencia_de_materiales</a>

[Editar o meu envío](#)

Facerlle cambios á súa entrega


## ENTREGAR UNHA CAPTURA DE PANTALLA:

No caso que na entrega da tarefa teñas que entregar unha captura de pantalla, debes seguir as seguintes indicacións:

1. Primeiro abre no teu ordenador o contido que tes que entregar.
2. Para a facer a **captura de pantalla**:
  - ✓ No caso de que o teclado sexa **windows** ou **linux** preme a tecla **Impr Pant** (teclado en castelán) o **Prt+Scrn** (teclado en inglés)




- ✓ No caso de ser un teclado dun **Mac**, preme ao mesmo tempo **Maiúscula + Comand + 3**




7. Abre un documento en branco nun procesador de texto (Libre Office Writer, Word,..) e pega nel o a captura previamente copiada.


- ✓ No caso de que o teclado sexa **Windows** ou **linux** preme ao mesmo tempo as teclas do teu teclado **Ctrl + V**



- ✓ No caso de ser un teclado dun **Mac**, preme ao mesmo tempo **Command + V**



8. Gardar o documento seleccionado *Gardar no procesador e poñer un nome ao documento.*



9. Seguir os pasos indicados para *Entrega de Ficheiros.*




## ENTREGAR UN PDF:

No caso que na entrega da tarefa teñas que entregar un PDF, debes seguir as seguintes indicacións:


1. Primeiro abre no teu ordenador o documento no que tes que realizar a tarefa, que pode ser un procesador de textos, presentación,..... Neste exemplo vamos a facelo cun procesador de textos, pero as instrucións son iguais para calquera tipo de documento.

### Empregando Libre Office

1. Unha vez realizada a tarefa, selecciona **Archivo**.
2. Do menú que aparece selecciona **Exportar a** e do submenú selecciona **Exportar directamente a PDF**.




3. Na xanela que aparecerá, escribir o nome do documento e premer **Guardar**.




4. Finalmente seguir os pasos indicados para **Entrega de Ficheiros**.

Empregando Word:


1. Unha vez realizala a tarefa, selecciona **Archivo**.



2. Do menú que aparece selecciona **Guardar como**.



3. Na seguinte xanela que aparece, escribe o nome do documento e do listado Tipo selecciona PDF.



4. Finalmente seguir os pasos indicados para Entrega de Ficheiros.